

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para o Plan Renove de instalacións individuais domésticas de gas na Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á convocatoria para o ano 2010 das axudas para a renovación dos equipamentos (IN411A-presentación electrónica).

Advertidos erros na versión en galego da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 134, do 15 de xullo de 2010, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 12.919, artigo 2º, onde di: «...no enderezo da internet

[http://economiae-industria.xunta.es...»](http://economiae-industria.xunta.es...)

Debe dicir: «...no enderezo da internet

[http://economiaeindustria.xunta.es...»](http://economiaeindustria.xunta.es...)

-Na páxina 12.920, artigo 5º, onde di: «...a) Páxina web oficial da Consellería (economiaein-dustria.xunta.es)...»

Debe dicir: «...a) Páxina web oficial da Consellería (economiaeindustria.xunta.es)...».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 20 de xullo de 2010 pola que se resolve a convocatoria de axudas para a realización de actividades de formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2010.

Por Orde do 26 de marzo de 2010 (DOG do 5 de abril) convocáronse axudas para a realización de actividades de formación de adultos durante o ano 2010, organizadas por corporacións locais e institucións privadas sen ánimo de lucro e legalmente constituídas, pertencentes á comunidade autónoma.

Vista a proposta da comisión de selección establecida no punto noveno da devandita orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder, con cargo aos conceptos orzamentarios 09.04.422H.460.0 e 09.04.422H.481.0 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa as axudas que se relacionan no anexo I. As referidas axudas están cofinanciadas por fondos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e fondos do Ministerio de Educación, de acordo co convenio para o plan de apoio á implantación da LOE.

Segundo.-Denegar ou excluír, polas causas que se indican, as solicitudes que se relacionan no anexo II.

Terceiro.-De conformidade co punto décimo primeiro da Orde do 26 de marzo de 2010, as axudas irán destinadas a sufragar os gastos de persoal que, como mínimo, alcanzarán o 75% do importe total da axuda concedida, e os gastos de funcionamento xerados polo proxecto, que non superarán o 25% do importe total da subvención. Deste 25% permitido para gastos de funcionamento, arbitrase a distribución de gastos de forma que un 20% teña a finalidade de gastos de materiais didácticos (textos e materiais dun só uso e materiais funxibles) e un 5% para outros gastos. No caso de que a actividade se realice na duración prevista e que, por razóns xustificadas, os gastos de persoal resulten menores do 75% da axuda concedida, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá modificar a resolución da concesión da axuda asignando un novo importe, que será menor do concedido inicialmente e resultado de aplicarlle unha redución nos gastos de funcionamento na mesma porcentaxe que a redución dos gastos de persoal.

As axudas serán aboadas unha vez finalizada a actividade e no momento da súa completa xustificación.

Cuarto.-Na difusión das actividades subvencionadas mediante esta orde, nas convocatorias públicas, publicidade e propaganda destas, así como nos lugares en que se realizan as referidas accións, deberá figurar que están financiadas pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e aparecerá o seu anagrama; e ademais deberá figurar o logo do Fondo Social Europeo e o logo institucional do Ministerio de Educación e a mención expresa: Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación. Ademais, quedará constancia explícita do dito cofinanciamento nos documentos, folletos, certificados e publicacións que se realicen con motivo da realización da actividade formativa.

Quinto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO I**Corporacións locais****Concepto orzamentario 09.04.422H.460.0**

-Provincia da Coruña

Concello	Axuda (€)	Observacións
Bergondo	6.000,00 €	Actividade 1
Bergondo	6.000,00 €	Actividade 2
Arzúa	6.000,00 €	Actividade 1
Arzúa	6.000,00 €	Actividade 2
Boqueixón	6.000,00 €	
Santa Comba	6.000,00 €	Actividade 1
Santa Comba	6.000,00 €	Actividade 2
Camariñas	6.000,00 €	Actividade 1
Camariñas	6.000,00 €	Actividade 2
Laxe	6.000,00 €	Actividade 1
Laxe	6.000,00 €	Actividade 2
Mazaricos	4.500,00 €	
Muxía	4.500,00 €	Actividade 2
A Laracha	4.500,00 €	
Ordes	4.500,00 €	
Carnota	4.500,00 €	
Negreira	4.500,00 €	
Touro	3.500,00 €	
Lousame	3.500,00 €	Actividade 1
Lousame	3.500,00 €	Actividade 2
Total A Coruña	103.500,00 €	

-Provincia de Lugo

Concello	Axuda (€)	Observacións
Guitiriz	4.500,00 €	
Antas de Ulla	3.500,00 €	
Total Lugo	8.000,00 €	

-Provincia de Pontevedra

Concello	Axuda (€)	Observacións
Illa de Arousa, A	6.000,00 €	Actividade 1
Illa de Arousa, A	6.000,00 €	Actividade 2
Rosal, O	6.000,00 €	
Sanxenxo	6.000,00 €	Actividade 1
Sanxenxo	6.000,00 €	Actividade 2
Guarda, A	4.500,00 €	
Grove, O	4.500,00 €	Actividade 1
Cambados	4.500,00 €	
Cuntis	3.500,00 €	Actividade 1
Cuntis	3.500,00 €	Actividade 2
Tomiño	3.500,00 €	
Total Pontevedra	54.000,00 €	
Total concellos	165.500,00 €	

**Institucións privadas sen ánimo de lucro
Concepto orzamentario 09.04.422H.481.0**

Entidade	Axuda (€)
Relixiosas de María Inmaculada, Vigo	6.000,00 €
Ecodesarrollo Gaia, ONGD, A Coruña	6.000,00 €
Total	12.000,00 €

ANEXO II

Concello	Observacións
Boiro	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 71,42%
Bola, A	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 21%
Carballiño, O	Solicitud presentada fóra de prazo
Carral	Actividade 1. Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 68,42%
Carral	Actividade 2. Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 65,21%
Celanova	O proxecto educativo non acada a puntuación mínima exixible
Cereda	Incumpre o artigo 5 da orde, só 14 alumnos cumpren as condicións que exige a convocatoria
Grove, O	Actividade 2. Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre os 18 e 24 anos é do 72%
Meaño	O proxecto educativo non acada a puntuación mínima exixible
Meis	O proxecto non acada a puntuación mínima necesaria. Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre os 18 e os 24 anos é do 73,68%
Melón	Non puxeron en marcha a actividade. O proxecto non acada a puntuación mínima exixible
Miño	O proxecto non acada a puntuación mínima exixible e a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,33% (artículos 9 e 2 da orde)
Muxía	Actividade 1. Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,33%
Nogueira de Ramuín	A actividade para a que solicitan a axuda: alfabetización, non está incluída na convocatoria
Oroso	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre os 18 e os 24 anos é do 58,33%
Padrón	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre os 18 e os 24 anos é do 73,68%
Páramo, O	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 50%
Pereiro de Aguiar, O	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe de alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,68%
Piñor	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é o 50%
Ponteareas	A actividade para a que solicitan a axuda: alfabetización, non está incluída na convocatoria
Pontecesures	O proxecto non acada a puntuación mínima exixible e a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,68% (arts. 9 e 2 da orde)
Punxín	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,33%
Rianxo	O proxecto educativo non acada a puntuación mínima exixible
Ribadumia	Incumpre o artigo 2 da orde: só o 43% do alumnado ten entre 18 e 24 anos
Rois	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 66,66%
Rubiá	Incumpre o artigo 1 da orde: programa unha actividade de xullo a outubro e de 4 meses. Tampouco presentaron o proxecto educativo
Teo	A valoración do proxecto e inferior é 50 puntos. Non puideron concretar as datas de nacemento dalgúns dos alumnos/as e, xa que logo, non se puido comprobar o cumprimento do artigo 2 da orde
Valga	Incumpren o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 68%
Vedra	Incumpren os artigos 2 e 5 da orde: só 14 alumnos/as cumpren as condicións da convocatoria e, ademais, a porcentaxe entre 18 e 24 anos é do 71%

Institucións privadas sen ánimo de lucro	Observacións
Fundación Érguete-Integración	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 73,33%
Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais	Dos 18 alumnos/as, só 1 ten 24 anos; o resto ten 25 ou máis. 15 dos 18 alumnos/as presentados/as teñen unha titulación equivalente ou superior á de ESO. Por ambas razóns incumpren o artigo 2 da orde de convocatoria
Centro de Desenvolvemento Rural Portas Abertas	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 43,75%
Relixiosas de María Inmaculada. A Coruña	Incumpre o artigo 2 da orde: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 62,50%
Asociación Fonteboa	O número de horas programadas para a actividade (200), non acadada o mínimo exixido no artigo 1 da orde. Incumpren o artigo 2: a porcentaxe do alumnado entre 18 e 24 anos é do 16,66%
ONGD Viraventos	Solicitud presentada fóra de prazo.
Asociación Amicos	Solicitud presentada fóra de prazo.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 23 de xullo de 2010 pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e do seu Consello Regulador.

O actual regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea foi aprobado pola Orde do 16 de abril de 2004, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e posteriormente ratificado pola Orde APA 1667/2004, do 26 de maio.

Con posterioridade a esas datas producíronse cambios normativos importantes no réxime xurídico das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas e no réxime de funcionamento dos seus consellos reguladores no ámbito da nosa comunidade autónoma. Ese cambio tivo lugar coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e posteriormente coa do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Esta lei e o seu decreto de desenvolvemento citado establecen o novo marco legal a que deberán axustarse as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas e os seus consellos reguladores, e é a novidade de máis alcance a configuración destes órganos como corporacións de dereito público con personalidade xurídica de seu.

Por iso faise necesario aprobar un novo regulamento para a indicación xeográfica protexida Pan de Cea e para o seu Consello Regulador, adaptado a este novo marco legal, o cal é o obxecto desta orde.

Segundo o anterior, tras a proposta do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e de acordo co establecido na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación do Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e do seu Consello Regulador.

Apróbase o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e do seu Consello Regulador, que figura como anexo desta orde.

Disposición derogatoria

Única.-*Derrogación da Orde do 16 de abril de 2004.*

Queda derogada a Orde do 16 de abril de 2004, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, pola que se aprobou o regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e do seu Consello Regulador. Así mesmo, derrógase a Resolución do 7 de xuño de 2004, da Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria, pola que se ditan normas en relación co funcionamento do rexistro de fornos da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e outras actuacións de control do produto amparado.

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO

Regulamento da indicación xeográfica protexida Pan de Cea e do seu Consello Regulador

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Base legal da protección.*

De acordo co disposto no Regulamento (CE) 510/2006, do Consello, do 20 de marzo, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios; na Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; no Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores, quedan amparados coa indicación xeográfica protexida Pan de Cea os pans que, reunindo as características definidas neste regulamento, cumplan na súa elaboración e comercialización os requisitos exixidos por este, polo prego de condicións comunicado á Unión Europea e pola lexislación vixente.